

CONCURSO "NA PROCURA DUN LOGO PARA A ANPA"

Bases:

1. En que consiste o concurso?

O concurso "Na procura dun logo para a ANPA" é unha iniciativa da ANPA Os Gudiños, que persegue constituír un logo moderno e adecuado aos tempos, e fomentar e apoiar a creatividade artística como unha forma de comunicar e transmitir os valores, intereses e importancia da educación e da implicación das familias nelas.

2. Quen pode participar?

Todo o alumnado do Colexio ADR Castelao.

3. Cal é o tema?

A temática é libre, se ben, estará relacionada coa educación, o alumnado e as familias.

4. Como participar?

As obras deberán ser inéditas e realizadas polo alumnado en sentido horizontal. So se poderá presentar unha única proposta con técnica libre (*cera, rotulador, lapis, carboncillo, acuarela, etc.*).

5. Cal é o prazo, lugar e modo de presentación?

As propostas deberán ser presentadas do 26 de febreiro ao 15 de marzo de 2024, en formato jpg e mediante o envío dun mail á dirección "anpaosgudinos@gmail.com".

6. Como se elixirán as postais gañadoras?

Para a elección da proposta gañadora valorarase a beleza, a técnica, innovación, composición e creatividade da obra.

O fallo do xurado darase a coñecer a semana do 18 ao 22 de marzo a través das redes sociais da ANPA. A notificación á persoa gañadora realizarase a través do correo electrónico.

7. Que premios recibirá a persoa gañadora?

A persoa gañadora recibirá un "PASE GRATUÍTO" para a **EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO** que organiza a ANPA.

8. Que uso se dará á proposta gañadora?

A proposta gañadora será utilizada pola ANPA como a súa **imaxe oficial** e polo tanto aparecerá nas súas redes sociais e en todos os documentos (*escritos, formularios, anexos, publicidade, etc.*) publicados pola ANPA.

9. Observacións:

- ACEPTACIÓN DAS BASES DO CONCURSO:

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, que poderán ser interpretadas polas persoas organizadoras naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

- CESIÓN DOS DEREITOS DE AUTOR E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

Todas as obras presentadas quedarán en propiedade da ANPA, que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome e apelidos da persoa autora.

Todas as propostas serán subidas na rede social Facebook da ANPA.

As persoas participantes responsabilizaranse na súa totalidade de que non existen dereitos de terceiros, así como de toda reclamación por dereito de imaxe. Os datos solicitados a través deste concurso serán tratados de conformidade coa Lei de protección de datos persoais 15/1999 (LOPD), non cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros.